

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 3 DE ABRIL DE 2008

Ás 10:00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I**.

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da última reunión da Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE), realizada en Córdoba o día 7 de marzo de 2008. Nesta sesión tratáronse temas tales como a convocatoria de representantes dos estudantes dos Consellos de Goberno de todas as universidades do Estado para compartir experiencias da aplicación do Espazo Europeo de Educación Superior, valorar os efectos da implantación, escoitar e debater, sempre co fin de encarar conxuntamente este cambio. E tamén do programa de «Fortalecimiento Institucional» do Plan Nacional de I+D+I, a respecto do cal a CRUE é contraria a que se faga unha convocatoria que non teña en conta o papel das universidades, razón pola que se pide unha revisión deste borrador.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol-Relación Universidade-Empresa, quen informa aos membros do Consello de Goberno dos cambios que afectan á composición do Consello Social da Universidade da Coruña, publicados no Diario Oficial de Galicia (DOG) do día 25 de febreiro de 2008, e que implican a incorporación de Bruno Díaz Doce, Ramón Núñez Centella, Olga Patiño Doval, Xosé Lois Seixo Fernández, Delia Vázquez Vázquez e Patricia Vila Castiñeira. O día 6 de marzo tivo lugar a primeira reunión do Consello Social cos novos membros. Tamén lles dá conta do feito de que o día 13 de marzo se comunicou a posta en marcha da Unidade de Apoio a Proxectos Europeos e a Captación de Mercados Laborais na Unión Europea (financiada polo Ministerio de Educación y Ciencia e pola Consellería de Traballo), cuxos obxectivos foron tamén comunicados a investigadores e publicados na páxina de actualidade da nosa universidade e na da OTRI, onde fisicamente estaría esta Unidade. Igualmente, informa da constitución, con data do 15 de febreiro, da Fundación Centro Tecnolóxico do Naval, resultando elixidos os seus membros directivos; e tamén da constitución, o día 1 de

abril, da Fundación Centro Galego do Plástico, en que resulta elixida a súa xunta directiva e mais o seu director xerente. Tanto nun centro como noutro participan a Universidade da Coruña como Patrón e, como soporte científico, os grupos da nosa universidade a que se lles encargaron os planos de viabilidade (GII e GP respectivamente), quedando por facer os convenios entre as fundacións e a nosa universidade. Remata a súa intervención anunciando que a vindeira semana (concretamente do día 7 ao día 10 de abril) terá lugar un ciclo de conferencias organizado polo Consello Social baixo o título «Experiencia e Futuro», que contará coa presenza de destacados empresarios galegos como Roberto Tojeiro, Arturo Dopico, José Ramón García e Ignacio Rivera; e tamén, que o día 10 de abril terá lugar unha xornada sobre Parques Científicos e Tecnolóxicos na Facultade de Informática que contará coa presenza de membros de APTE (presidente e vicepresidente), do MEC e do director xeral de I+D+I da Xunta de Galicia.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen dá conta de que a próxima semana, entre o martes 8 e o domingo 13 de abril, a Universidade da Coruña participará en Vigo na segunda edición de Fórum Orienta. Esta feira celébrase por iniciativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa colaboración das tres universidades galegas, entre outras entidades. O obxectivo da mostra é asesorar, informar e orientar o alumnado de educación secundaria sobre a oferta de estudos, as saídas profesionais, as bolsas, as residencias e as actividades de extensión das respectivas universidades. Os destinatarios do evento son principalmente os estudantes de educación secundaria, mais tamén os orientadores, os profesores titores e as asociacións de pais de alumnos do conxunto da Comunidade Autónoma. O pasado curso a mostra recibiu máis de doce mil visitantes. Todas as titulacións e a maior parte dos servizos da UDC estarán representados de diversos xeitos no foro, presencialmente ou ben mediante materiais informativos realizados en diferentes soportes. Pódese consultar, para máis información, a páxina web da mostra no enderezo <http://www.forumorienta.es>. Remata a súa intervención agradecendo o labor do persoal do SAPE na organización, a colaboración dos centros e a dedicación dos profesores que están a facer un esforzo especial para dar a coñecer a enorme potencialidade da nosa universidade.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións. Sinala na súa intervención que o 14 de febreiro, logo da aprobación polo Consello de Goberno, as propostas dos títulos de Grao en Socioloxía e Grao en Terapia Ocupacional foron aprobadas no Consello Social. A documentación definitiva enviada a Madrid está a disposición de calquera membro do Consello de Goberno na Vicerreitoría. Remata a súa

intervención sinalando que no DOG do día 28 de marzo de 2008 se publicou o decreto polo que se autoriza a implantación dos novos posgraos oficiais do sistema universitario galego para o curso 2008/2009, en particular aqueles en que participa ou coordina a nosa universidade

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das dúas convocatorias de prazas polo procedemento de urxencia, que figuran no **anexo II**, realizadas desde a última sesión do Consello de Goberno.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e das validacións de expedientes que foron executadas desde a última sesión do Consello de Goberno, de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos. Realizáronse imputacións de expedientes por valor de 610.895,84 euros (números de expedientes V-2, V-3 e V-4) e validacións de expedientes por valor de 2.398.385, 61 euros (números de expedientes C-3, C-4, C-5 e C-6).

Unha vez finalizada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, que intervén para informar de temas relacionados especificamente co persoal de administración e servizos da nosa universidade, concretamente da evolución das distintas probas selectivas para o acceso a diversas categorías.

Rematada esta quenda de intervencións, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen informa os membros do Consello de Goberno dos cesamentos e nomeamentos que figuran no **anexo III**.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2008

Apróbase por asentimento a acta da sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2008, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 34 convenios que figuran no anexo **IV**, que se clasifican en convenios marco (4), convenios específicos (un total de 14) e convenios para prácticas (un

total de 16) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Modificacións orzamentarias

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa da proposta de modificación orzamentaria (transferencia de créditos) que figura no **anexo V**.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, a proposta en cuestión apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se proceder, da modificación do Regulamento de xestión de mobilidade de estudantes

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen informa da proposta de modificación do Regulamento de xestións de mobilidade de estudantes que figura no **anexo VI**. A Sra. Vicerreitora dá conta das razóns principais que xustifican esta proposta, que reconduce a dúas concretas. En primeiro lugar, a necesidade de adaptarse aos cambios padecidos na normativa europea e española sobre programas específicos de mobilidade de estudantes. E en segundo lugar, a necesidade de corrixir certas disfuncións apreciadas en casos moi concretos de mobilidade na nosa universidade. Conclúe a súa intervención sinalando que se trata dunha proposta de reforma parcial da nosa normativa interna de mobilidade, que deberá ser revisada a fondo e por esta razón anticípalles aos membros do Consello de Goberno que, sempre a respecto desta materia, haberá que aprobar unha nova normativa para regular novas situacións que xa se aveciñan.

Despois dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, apróbase a modificación do Regulamento de xestión de mobilidade de estudantes que consta no citado anexo **VI**.

6. Prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das propostas das prazas de profesorado que figuran no **anexo VII**, que contan cos informes preceptivos para tales efectos. Trátase, nun caso, dunha proposta de convocatoria ordinaria de prazas e noutro dunha convocatoria de concurso de praza a corpo docente universitario con proposta de comisión.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbanse por asentimento estas propostas de convocatorias que figuran no citado anexo.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado tamén dá conta das solicitudes de cambio de dedicación (de tempo completo a tempo parcial e de tempo parcial a tempo completo) que figuran no **anexo VIII**.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbanse por asentimento estas solicitudes de cambio de dedicación.

O Sr. Vicerreitor de Profesorado remata a súa intervención informando da solicitude da convocatoria dunha praza de contratado interino de substitución a tempo parcial P4, polo procedemento de urxencia, formalizada polo Departamento de Matemáticas da nosa universidade, que figura no **anexo IX**.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase por asentimento esta proposta de convocatoria polo procedemento de urxencia.

7. Concesión, se proceder, de licenza por un ano, conforme ao artigo 86 dos Estatutos da Universidade da Coruña

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa sobre unha solicitude de licenza por un ano e que conta co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase, cunha abstención, a licenza en cuestión.

8. *Venia docenci*

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das *venias* , para impartir docencia na Escola Universitaria de Turismo e na

Escola Universitaria de Relacións Laborais (A Coruña), que contan co informe favorable dos Departamentos correspondentes e tamén da COAP.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase por asentimento a proposta que figura no citado anexo

9. Aprobación, se proceder, da normativa de permisos e licenzas

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da proposta de normativa de permisos e licenzas, que figura no **anexo X**. Trátase dunha proposta en que incorpora nun mesmo texto as distintas normas reguladoras sobre a materia e coa que se pretende facilitar e axilizar a tramitación das distintas solicitudes de permisos e licenzas do profesorado, establecendo o procedemento para a concesión de permisos e licenzas así como o procedemento para a concesión de anos sabáticos ao persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, que precisaba de certas clarificacións nalgúns aspectos. O Sr. Vicerreitor tamén dá conta de certas modificacións realizadas no texto que se lles entregou no seu día aos membros do Consello de Goberno, que afectan ao punto 1.1, parágrafo terceiro, sobre o procedemento de informes sobre as solicitudes, e ao punto 1.2, parágrafo segundo, sobre prazo de presentación.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, a quen lle parece moi boa idea agrupar toda a casuística nun único texto, sen prexuízo de indicar tamén que é necesario saber se se trata de algo máis que un texto recompilatorio, en que tamén figuran melloras adicionais, poñendo como exemplo o tema da paternidade. Logo, centra a súa atención na materia dos chamados anos sabáticos, concretamente no relativo aos criterios para a súa concesión e aos centros de destino da realización de parte do período da licenza, que deberían ser de recoñecido prestixio. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que a normativa é algo máis que unha recompilación de normas, pois tamén se conteñen melloras, incluso no apartado da paternidade, en que se opta pola lexislación autonómica por ser máis beneficiosa que a estatal. A respecto dos criterios, afirma que se trata dun conxunto de criterios que terá en conta a comisión encargada de xulgar as solicitudes, mais nunca deben verse como requisitos en tanto que os requisitos esixidos son os precisados no punto 2.1 desta normativa. Remata a súa intervención sinalando que o indicado a respecto de que os centros de destino deberían ser de recoñecido prestixio está moi ben, mais presenta o inconveniente de que habería que fixar os criterios que determinan cando un centro é de recoñecido prestixio.

Na quenda de intervencións tamén participan o Sr. Casabella López, quen bota en falta outro tipo de permisos, tales como os de casamentos e de

separacións; a Sra. Regueiro Diehl, quen incide no tema dos requisitos esixidos para solicitar o ano sabático; Dopico Calvo, quen agradece e valora positivamente esta normativa; e o Sr. González López, quen considera que o establecido a propósito de non ter gozado de ningún ano sabático pode ser un requisito excluínente. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado indícalle ao Sr. Casabella López que si está recollido o permiso por casamento; á Sra. Regueiro Diehl que os requisitos para a concesión do ano sabático mudan con esta proposta por causa, entre outras razóns, da reforma da Lei orgánica de universidades e da necesidade de promover medidas que permitan incrementar o número do profesorado doutor desta universidade; e ao Sr. González López que non ter gozado de ningún ano sabático non aparece configurado na proposta como un requisito da solicitude, senón como un criterio para a súa concesión por parte da quen ten as competencias para propoñer e aprobar.

Tamén participan o Sr. Pena Agras, que tamén bota en falta outro tipo de permisos, por exemplo, os motivados por participación en determinadas comisións; Cao Abad, que reincide no alegado polo Sr. Pena Agras, citando outros casos; e o Sr. Fernández López, quen considera que o título da norma non semella corresponderse co seu contido. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinala, a propósito das intervencións dos Sres. Pena Agras e Cao Abad, que hai permisos e licenzas que se conceden automaticamente e outros que non, porque hai que cursalos a través dun procedemento específico, que é o que pretende regular esta proposta; e, a respecto do sinalado polo Sr. Fernández López, que esta proposta o que fai é incorporar nun único texto o que está regulado de modo disperso, á parte de que aquí se regulan o que son licenzas e permisos.

Apróbase por asentimento a normativa de permisos e licenzas que figura no **anexo XI**, en que se incorporan as modificacións a que fixo mención o Sr. Vicerreitor de Profesorado ao comezo da súa intervención.

10. Reducións no Plano de Organización Docente (POD) por cargos de xestión

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da proposta de reducións no Plano de Organización Docente por cargos de xestión, que figura no **anexo XII**, de que se informou á Mesa Sindical e á COAP. Trátase dunha proposta vinculada ao que establece o actual artigo 87 dos Estatutos da Universidade da Coruña, á normativa do Plano de Organización Docente aprobada polo Consello de Goberno e ao Plano Estratégico da Universidade da Coruña. O Sr. Vicerreitor de Profesorado explica as propostas de reducións docentes polo desempeño de cargos de xestión universitaria tales como os de valedor universitario, órganos

unipersoais de centro, departamento e instituto e outros específicos cargos da universidade que figuran na proposta.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participa o Sr. Pena Agras, quen propón a inclusión do profesorado responsable de calidade de cada centro, pois non figura nesta proposta, a pesar de cada vez son máis necesarios nos centros, dado o seu incremento de traballo, e de que hai outros cargos con menor traballo que aparecen na listaxe. O Sr. Delgado Martín valora positivamente que se poña por escrito, aínda que considera que poderían incluír outras cuestións tales como a bolsa de horas que a redución determina e a contratación de profesorado para cubrir tal bolsa de horas, o custo económico da medida e a presenza doutros cargos do equipo de goberno, como é o caso da Secretaría Xeral. Entende tamén que a listaxe, que se incrementa, non é exhaustiva, que o tratamento da figura do valedor universitario non se axusta aos Estatutos da Universidade da Coruña. Remata a súa intervención solicitando que se faga publica a relación de persoas con responsabilidades de xestión universitaria e solicitando información sobre a figura do asesor da área de urbanismo. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinalalle ao Sr. Pena Agras que a intensidade das funcións da figura do responsable de calidade pode variar dun centro a outro, razón pola que se lles recoñece aos centros a capacidade para poder asignarlles ás persoas que estimar conveniente reducións de até dous créditos pola implantación e seguimento do sistema de garantía de calidade do propio centro. A respecto das observacións do Sr. Delgado Martín, o Sr. Vicerreitor afirma que o feito de que falte a figura da Secretaría Xeral se debe a un erro formal e que o impacto económico desta medida é claro e determinará a contratación temporal por substitución. Igualmente, sinala que non todos os cargos de xestión teñen a mesma redución, pois teñen funcións diferentes, e que non todos os cargos de xestión teñen dereito a redución, mais poderano ter, dado que é posible ir ampliando esta medida pouco a pouco e sempre en función dos cargos. Considera que, efectivamente, se incrementou a listaxe coa figura dos adxuntos a tres, por causa da reestruturación das vicerreitorías, e tamén a redución en certos casos por causa do incremento de certas funcións nos centros, a diferenza dos departamentos, que van ver minoradas as súas competencias cos cambios lexislativos que se están a producir. A respecto da figura do valedor universitario, actúase conforme ao solicitado, segundo a lexislación, por quen agora asume esta responsabilidade. Remata a súa intervención, indicando que a figura do asesor da área de urbanismo, pensada para axilizar a xestión das competencias da vicerreitoría competente en todos os campus, non é nova e que lle parece moi boa a publicación da listaxe de cargos, da que a comunidade universitaria xa ten información por outras canles, tales como a información das sesións do Consello de Goberno, dado que no punto relativo ao Informe do Reitor

sempre hai un apartado relativo a cesamentos e nomeamentos, en que se inclúe información tamén sobre os cargos con redución docente e complemento económico.

Tamén intervén o Sr. Casteleiro Maldonado para indicar que non entende a razón pola que non se inclúe nesta listaxe a persoa que asume a presidencia da Comisión de Doutoramento. Trátase dunha cuestión da que xa deu o seu parecer na COAP, mais sobre a que quere incidir aquí, na medida en que non lle parece correcto, vista a súa carga de traballo. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado agradécelle que fale aquí sobre este tema, pois o traballo na Comisión de Doutoramento, como noutras comisións da Universidade da Coruña, realmente é de agradecer. Precisamente por isto, a dedicación que esixe o traballo en determinadas comisións debe compensarse con redución na carga docente nun futuro moi próximo, mais non agora, porque semella prudente esperar xa que a lexislación universitaria está a mudar e os cambios que se produzan van impactar directamente nas comisións, como é o caso dos que afectan á Comisión de Doutoramento por causa dos estudos de posgraio.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen considera positivo que se regule o tema e que haxa unha listaxe onde aparezan tamén os cargos de confianza. Agora ben, coida que a listaxe, aínda sendo numericamente menor que en etapas anteriores, semella excesiva e manifesta que as funcións de tales cargos deberían profesionalizarse mediante a atribución de tales cometidos ao persoal de administración e servizos. Remata a súa intervención interesándose polos novos tres cargos de adxuntos e por saber se se vai incrementar o seu número. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado sinalalle que se trata de cargos de que vai estar informado o Consello de Goberno, polo que vai existir un control sobre eles. Ademais, coméntalle que, ao día de hoxe, estes son os cargos que hai e que, no futuro, se poden incrementar, mais sen que isto signifique redución no POD e a percepción dun complemento económico, como xa está a pasar. Esta listaxe, que non é algo exclusivo da Universidade da Coruña, só é relativa a cargos con redución docente, en que se inclúe a figura dos adxuntos, que ten como finalidade axudar no traballo aos vicerreitores, suplíndoos incluso en determinadas ocasións.

Cun voto en contra e cunha abstención, apróbase por asentimento a proposta de redución por cargo académico no POD que figura no **anexo XIII**.

11. Modificación, se proceder, da normativa reguladora das medidas incentivadoras para a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes universitarios

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da proposta deste punto da orde do día que figura no **anexo XIV**, que conta co informe favorable da Mesa Sindical e da COAP. Trátase de engadir, nas medidas que incentiven a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes da Universidade da Coruña, o caso do profesorado xubilado por incapacidade permanente, que se ve obrigado a cesar na súa actividade por esta causa e a cobrar unha pensión que está moi por debaixo da contía da súa retribución. É unha proposta que pretende corrixir esta situación e que cualitativamente é moi importante sen que, do punto de vista económico, teña un impacto económico grave sobre a Universidade da Coruña.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Fernández López, quen se interesa por saber que profesorado é o destinatario desta proposta. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado indícalle que se trata dos corpos docentes universitarios que non están incluídos no campo de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social.

Apróbase por asentimento a modificación da normativa reguladora das medidas incentivadoras para a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes universitarios.

12. Proposta de limitación de prazas para titulacións de primeiro e segundo ciclo e graos para o curso académico 2008/2009

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta de limitación de prazas para titulacións de primeiro e segundo ciclo e graos para o curso académico 2008/2009, que figura no **anexo XV**, e de certos erros formais que figuran na proposta de cara á súa corrección.

Despois dunha quenda de intervencións en que participan os Sres. Casabella López, Teijeiro Vidal e a Sra. Grela Barreiro, apróbase a proposta de limitación de prazas para titulacións de primeiro e segundo ciclo e graos para o curso académico 2008/2009, que figura coa corrección de erros no **anexo XVI**.

13. Calendarios académicos 2008/2009

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa dos diferentes calendarios para o curso académico 2008/2009, que figuran no **anexo XVII**.

En primeiro lugar, a Sra. Vicerreitora dálles conta aos membros do Consello de Goberno do calendario de preinscrición e matrícula en estudos oficiais de mestrado. Preténdese que sexa único para o sistema universitario galego, pois as outras universidades tamén o van someter a aprobación. Polo demais, a estrutura é similar á do curso pasado, cun período de preinscrición, cun procedemento para publicar as listaxes e cun período de matrícula, en que se considera un segundo prazo de preinscrición e matrícula en caso de vacantes e tamén un tanto por cento de prazas para o estudantado iberoamericano.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase o calendario de preinscrición e matrícula en estudos oficiais de mestrado.

En segundo lugar, a Sra. Vicerreitora informa do calendario obrigatorio para os estudos de grao e de mestrado, que tamén ten a pretensión de ser un calendario único para o sistema universitario galego. Trátase dun calendario de mestrado que xa vén funcionando desde a implantación dos primeiros mestrados oficiais no curso 2006/2007. Agora, este calendario será obrigatorio para os estudos de grao por causa de que a adaptación ao espazo europeo supón unha modificación dos métodos de ensino, aprendizaxe e de avaliación, mais tamén do calendario académico. Debido a que algúns centros comunicaron o seu interese por acollerse a este calendario, se este Consello de Goberno opta pola súa aprobación, o calendario será obrigatorio para mestrados e graos e para aqueles centros que queiran acollerse a el, logo da autorización da correspondente xunta de centro.

Despois dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Casteleiro Maldonado, apróbase a proposta de calendario de estudos oficiais de grao e mestrado para o curso académico 2008/2009.

Por último, a Sra. Vicerreitora dá conta da proposta de calendario para os restantes centros e titulacións, que rexistra poucas innovacións, na medida en que é similar ao do curso pasado, respectando os festivos e facendo pequenos cambios axustados á axenda.

Despois dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Valderruten Vidal, apróbase a proposta de calendario dos restantes centros e titulacións para o curso académico 2008/2009.

14. Aprobación, se proceder, das directrices de grao

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta de directrices de grao que consta no **anexo XVIII**, que foi aprobada pola Comisión de Planos de Estudo na súa sesión do 26 de marzo. Segundo a Sra. Vicerreitora, neste punto sométense á aprobación dos membros do Consello de Goberno unhas novas directrices para a elaboración das propostas de títulos de grao pola Universidade da Coruña, ampliándose deste xeito as aprobadas no seu día polo Consello de Goberno. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica explica as razóns que xustifican unha nova proposta, que se reconducen esencialmente a mellorar o sistema mediante unha maior concreción en certas materias e a dar orientacións claras de como deberían enfocarse os títulos dentro dunha mesma rama no referente ás materias básicas. Son unas directrices enmarcadas nun proceso en que están inmersas toda as universidades, elaboradas tendo en conta os encontros con outras universidades, o intercambio de impresións e as múltiples consultas e suxestións que se nos fixeron desde a nosa comunidade universitaria. Por suposto, estas directrices respectan o establecido no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e o documento elaborado polo Consello Galego de Universidades sobre Liñas xerais para a implantación dos estudos de grao e posgrao no Sistema Universitario de Galicia.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. Valderruten Vidal, quen propón que se mude o calendario para a presentación e elaboración das propostas, que é algo que aceptan os membros do Consello de Goberno. Tamén participan nesta quenda o Sr. Delgado Martín, quen se interesa polas materias básicas, e o Sr. Pena Agras, quen amosa a súa preocupación pola aplicación do establecido no punto 4 (sobre procedemento de elaboración e aprobación dos planos de estudos dos novos títulos de grao), especialmente no relativo ás propostas de títulos e denominación, pois isto é difícil de precisar no caso de certas titulacións de enxeñaría que dependen do ministerio competente en materia de acceso a profesións reguladas. Tamén interveñen os Sres. Casabella López, González López e Casteleiro Maldonado, que insisten no indicado polo Sr. Pena Agras, solicitando o Sr. Casteleiro que, nestes casos, se actúe con prudencia e con flexibilidade, dadas as dificultades engadidas nestas titulacións. O Sr. Naveira Fachal tamén reitera a cuestión da flexibilidade, especialmente no deseño das materias e das competencias. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións sinalalles que

se trata dun calendario para a implantación voluntaria naqueles centros que así o quixeren dos novos planos de estudo de grao no curso académico 2009/2010. Non é obrigatorio agora, mais a Universidade da Coruña debe ter un calendario, que é flexible, e todas as titulacións teñen que estar adaptadas dentro dos prazos marcados pola lexislación universitaria en materia de Espazo Europeo de Educación Superior.

Tamén interveñen a Sra. López Fernández, quen considera oportuno que se precise algo máis sobre como vai computar todo isto na docencia do profesorado, ao que responde o Sr. Vicerreitor de Profesorado que se está a estudar conxuntamente o tema polas tres universidades públicas galegas e a Xunta de Galicia de cara á consecución dun acordo. A Sra. López Fernández tamén se interesa pola cuestión das titulacións duplicadas, a que lle responda a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións que hai poucas e que Universidade da Coruña lle solicitou á Xunta de Galicia que se precise algo máis o tema.

Apróbase por asentimento a proposta de directrices de grao que consta no **anexo XIX**, incluíndo os cambios propostos no calendario para presentación e elaboración de propostas.

15. Comisión de coordinación das materias básicas das ramas de coñecemento

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta de comisión de coordinación das materias básicas das ramas de coñecemento, que consta no **anexo XX**. Trátase dunha comisión con carácter técnico, cuxa misión é esencialmente de coordinación, de tal xeito que, desde o principio, poida chegarse a acordos a respecto das materias e dos contidos, mais respectando en todo momento a autonomía de cada centro. A comisión de cada título emitirá un informe por cada título, que non será vinculante, aínda que servirá para detectar posibles problemas nunha fase previa á aprobación da proposta. Polo demais, a composición da comisión é de mínimos, razón pola que pode ampliarse se os seus membros o consideran necesario, ademais, calquera membro da comunidade universitaria que queira participar pódello solicitar á Comisión de Plano de Estudos.

Logo dunha quenda de intervencións en que participan os Sres. Tasset Carmona, Pena Agras, Naveira Fachal e as Sras. López Fernández e Candedo Gunturiz, apróbase por asentimento a proposta de comisión de coordinación das materias básicas das ramas de coñecemento.

16. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. González López para incidir no relativo a prazas do persoal de administración e servizos do punto sobre Informe do Reitor da orde do día desta sesión.

Toma a palabra o Sr. Cao Abad, quen dá conta da situación en que se atopan certos sinais de circulación no viario de Elviña, concretamente dos de prohibición. Tamén se interesa polo calendario de graos e polos dous novos graos que se van implantar para o vindeiro curso académico, en especial sobre cando e quen vai decidir o encargo de docencia.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 14.30 h.